

*Ángela Iglesias Terrazo
Noa Míguez Méndez*

JOHN STUART MILL

John Stuart Mill naceu en Inglaterra no 1806 e foi un dos filósofos liberais máis importantes do século XIX. Seu pai, James Mill, quixo convertilo nun gran intelectual e deulle unha educación moi estricta baseada no utilitarismo, unha teoría que tamén defendía Jeremy Bentham. Dende pequeno estudou grego, latín, historia, lóxica, matemáticas e economía, polo que tivo unha formación moi avanzada para a súa idade. Sen embargo, apenas tivo infancia normal, xa que toda a súa vida estivo centrada no estudo e a disciplina, ao contrario que a maioría dos rapaces. Aos catorce anos viaxou a Francia, onde coñeceu novas ideas políticas filosóficas que influíron moito no seu pensamento. Máis tarde, aos vinte anos, sufriu unha forte crisis emocional porque se deu conta de que unha vida baseada solo na razón e no estudo non era suficiente para alcanzar a felicidade. Esta experiencia fixo que comezara a valorar máis os sentimentos, a liberdade individual e as emocións.

Despois traballou para a Compañía Británica das Indias Orientais e participou na política inglesa como membro do Partido Liberal. Defendeu reformas sociais importantes, como ampliar o dereito ao voto e mellorar a situación das mulleres. Nestas ideas influíu moito Harriet Taylor Mill, con quen máis tarde casou.

Mill tamén tivo unha postura crítica hacia a relixión, xa que pensaba que debía analizarse de forma racional e científica. Morreu en 1873 en Francia e a día de hoxe é considerado un dos pensadores máis importantes do liberalismo e da defensa das liberdades individuais.

OBRAS

-**"Sobre a liberdade"**: publicada en 1859, nesta obra defende a liberdade individual fronte á sociedade e ao Estado.

-**"O utilitarismo"**: pertencente ao ano 1861, ensaio no que define o utilitarismo como unha ética para baseada na búsqueda da felicidade para o maior número de persoas, utilizando tamén as ideas de Jeremy Bentham.

-**"A esclavitude feminina"**: publicada en 1869, é unha obra que argumenta a favor da igualdade legal e social das mulleres, criticando a súa situación na época victoriana.

-**"Principios de economía política"**: publicouse no ano 1848, trátase dun tratado económico que concilia a economía clásica con ideas sociais, foi un dos textos económicos máis leídos no seu tempo.

-**"Sistema da lóxica"**: esta obra publicouse no 1843, é bastante extensa e establece as bases do método inductivo na investigación, tanto científica como social.

-**"Consideracións sobre o goberno representativo"**: saíu á luz no ano 1861, consiste nunha análise das formas de goberno, promove a democracia representativa, o voto feminino e a importancia da participación cidadana.

-**"Autobiografía"**: publicada no 1873, relata a súa inusual educación e desenvolvemento intelectual, descrito por autores, entre eles Bertrand Russell como un dos libros máis interesantes existentes.

A SÚA IMPORTANCIA NA FILOSOFÍA:

A importancia de John Stuart Mill para a filosofía está en que foi un dos autores que mellor soubo adaptar o pensamento liberal e utilitarista aos cambios sociais e políticos do século XIX. As súas ideas tiveron unha enorme influencia non só na filosofía de forma xeral como a entendemos hoxe, senón tamén na política, na ética e na maneira de entender os dereitos e as liberdades das persoas nas sociedades modernas.

Un dos aspectos máis importantes do seu pensamento foi a defensa da liberdade individual. Mill consideraba que cada persoa debía ter dereito a pensar, opinar e vivir segundo as súas propias decisións, sempre que non causase dano aos demais. Para el, unha sociedade verdadeiramente avanzada non podía obrigarlle a todos a pensar da mesma maneira nin limitar as opinións diferentes. Precisamente por iso defendía tanto a liberdade de expresión, xa que cría que o intercambio de ideas era fundamental para alcanzar a verdade e evitar o fanatismo ou a intolerancia. Segundo Mill, incluso as opinións equivocadas podían ser útiles, porque obrigaban ás persoas a reflexionar e cuestionar as súas propias crenzas.

Outra das súas grandes achegas foi a renovación do utilitarismo. Aínda que partía das ideas de Jeremy Bentham, Mill non estaba completamente de acordo coa idea de que todos os praceres tiñan o mesmo valor. El pensaba que existían praceres superiores, relacionados coa intelixencia, a cultura ou a moral, que eran máis importantes ca os praceres puramente físicos ou materiais. Deste modo, deu ao utilitarismo unha visión máis humana e máis centrada no desenvolvemento completo da persoa, non só na busca do pracer inmediato.

A súa filosofía tamén foi moi importante porque relacionou o pensamento teórico cos problemas reais da sociedade. Mill defendía reformas políticas e sociais que permitisen mellorar a vida das persoas e ampliar os seus dereitos. As súas ideas influíron moito no desenvolvemento das democracias liberais, especialmente na defensa dos dereitos civís e na limitación do poder do Estado. Consideraba que os gobernos non debían controlar excesivamente a vida dos individuos, porque iso podía acabar destruindo a súa liberdade e a súa capacidade para pensar de forma independente.

Ademais, Mill converteuse nun dos primeiros filósofos en defender de maneira clara a igualdade entre homes e mulleres. Nunha época na que as mulleres tiñan moi poucos dereitos, el criticou esa situación e afirmou que a desigualdade non era algo natural, senón unha consecuencia da educación e das leis da sociedade. Estas ideas fixeron que máis tarde fose considerado un referente importante para o feminismo liberal e para a defensa da igualdade de dereitos.

En definitiva, a importancia de John Stuart Mill está en que elaborou unha filosofía baseada na liberdade, na tolerancia e no progreso moral e intelectual das persoas. O seu pensamento influíu enormemente nas democracias modernas e segue sendo fundamental para entender conceptos actuais como os dereitos humanos, a liberdade de expresión ou a igualdade social.